

A fala na escola

A proposta del *Sindicato Autónomo dos Trabaxadores da Enxeñanza d'Asturias* (SUATEA), a Xunta de Personal docente non universitario, unde tán representaos todos os sindicatos del sector, acordóu denunciar el incumprimento das súas obrigacións na escolarización del asturiano y del gallego-asturiano por parte da Conseyería de Cultura y da Dirección Provincial del MEC.

Según a Llei d'Uso y Promoción del Asturiano, aprobada pola Xunta Xeneral del Principao y promulgada nel mes de marzo de 1998, todos os centros tein que brindar a posibilidade de dar asturiano ou, nel caso del Navia-Eo, gallego-asturiano. Esto nun se ta cumprindo. En todo el Navia-Eo namáis se ta dando gallego-asturiano nel *Ramón de Campoamor* de Navia y nel CRA *Sarceda-Eilao*. Nel *Príncipe d'Asturias* de Tapia, unde xa lo había dende hai abondos cursos, este ano nun se mandóu profesor y, a estas alturas de curso, hai un cento de nenas y nenos einda agardando por él.

Radio na nosa fala

De llúis a venres, dende as dez da mañá hasta as oito da tarde, y tamén os sábados de tarde, emite os seus programas a Emisora del Conceyo de Tapia, que ten por nome máis popular *Radio Reló* y que llevan as tapiegas María José García y Nieves Acevedo.

Dende que pola mañá s'empeza col programa "El almuerzo" unde se fala de todas as novas relacionadas col conceyo (deportes, sucedidos, plenos del Conceyo, festas, cursos, etc.) hasta que s'acaba con "Música nel recuerdo", nas ondas d'esta emisora úsase dafeito a nosa fala. Hai programas de cocía, entrevistas, hestoria, concursos y muita música.

Esperamos que pra outro número d'ENTRABASAUGUAS nos podan contar a súa experiencia máis dafeito. Entrementes, pra quen lo poda piyar dende a casa, xa se sabe: 107.4 del dial.



Música d'acó

El 2 d'abril preséntase na Casa da Cultura de Taramunde el disco "Os Teixóis", da banda de gaitas *Os Castros* de Taramunde. Once gracias de gaita, dalgúas cantadas, que fain un recorrido pola música popular del noso occidente sin esquecer outros sois asturianos, gallegos y hasta escoceses. Un tributo, al cabo, a os gueiteiros populares qu'einda mantén viva a tradición y qu'aprenderon á xente d'esta banda muito del sou repertorio.



Concurso literario

Ta convocada a que xa é IX Edición del *Premio XEIRA de narracións curtias*. Pódese participar con cualquier número d'obras, sempre que tñan escritas na nosa fala. El premio é de 75.000 pesetas y XEIRA ha mirar de publicar el relato ganador. Manuel García Galano, José Manuel Martínez Castro, Alejandro Antúñez, Fredo de Carbex, Xaviel Vilarello, Emma Méndez y Rafael Cascudo foron os que llevaron el premio en edicións pasadas.

Hai que mandar as obras por cuadruplicao nun sobre *sin remite* a XEIRA, Apartao nº 5, 33750-A Caridá. Dentro del sobre ten qu'ir outro, zarrao, unde vayan as señas del autor ou autora. Péchase el prazo el 15 de setembre de 1999. Xa saben os aficionaos á literatura: ¡a probar sorte!

Máis literatura

Na súa colección de "Documentos", a Conseyería de Cultura acaba de publicar *V Xunta d'Escritores Asturianos. L'oficiu d'escritor*, llibro que recóye as actas d'esta reunión



feita en Lluanco (Gozón) alló nel mes de marzo de 1998. Como xa déramos noticia nel sou momento, a cuestión da lliteratura na nosa fala tuvo presente naquella xunta y agora pódense ller as intervencións nesta publicación.

Por un lla, Crisanto Veiguela analiza el obra de cinco escritores nacidos ou cua súa orixe nel Navia-Eo, a os que titula como "poetas en lingua gallega", anque tres d'esos cinco nun se quiran identificar col calificativo. Ún d'ellos é Fredo de Carbex, que, na súa comunicación "A edá del pensamiento. Úa reflexión sociolingüística del Navia-Eo", defende un camín autónomo pral gallego-asturiano y refuga a súa inclusión sin máis na norma escrita del gallego.

El debate ta derriba da mesa.

Formación del profesora

En contraste con novas tan desesperanzadoras pral enseño da nosa fala, col empezo del ano sigue tamén en Tapia a segunda fase del curso de formación de gallego-asturiano pra profesores. As disciplinas puramente llingüísticas ha amecerse d'esta volta el trabayo investigador, a didáctica, a xeografía y a hestoria. Son once os maestros y maestras, nacidos en Villayón, El Franco, Santalla d'Ozcos, A Veiga y Tapia, os que tán preparándose pra poder fer chegar —esperemos que pral curso que vén— a os seus alumnos a valía d'úa riqueza cultural de primeiro orde como é a fala.